

Política de Calidade da Facultade de Química

A Facultade de Química (antes Facultade de Ciencias) creouse na USC no ano 1922. É un centro de recoñecido prestixio nos ámbitos da docencia e da investigación. Na actualidade acolle os estudos do Grao en Química, e do Bachelor's Degree in Chemistry, así como os Dobres Graos en Química e Bioloxía e en Física e Química. En relación aos estudos de posgrao, dispón dunha ampla oferta: Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial, Máster en Química Orgánica e Máster en Química Teórica e Modelización Computacional, todos eles interuniversitarios, e máis recentemente, o Máster en Química na fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais. No relativo aos estudos de terceiro ciclo, conta co Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química.

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) busca propiciar a mellora continua da Facultade de Química, permitíndolle acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten nela e abrindo o camiño cara a acreditación institucional.

A política de calidade da Facultade de Química está en liña cos obxectivos estratéxicos establecidos no [Plan Estratéxico](#). O Plan Estratéxico, en vigor ata 2022, tamén establece a misión, visión e valores do centro. No futuro, sempre que se aprobe un novo plan estratéxico deberá revisarse a política de calidade para incluír os obxectivos, a misión, visión e valores establecidos no novo Plan Estratéxico.

A Facultade de Química, no horizonte 2022, ten como **misión**:

- Contribuír á formación integral de profesionais químicos de recoñecida calidade e prestixio, formados nun entorno académico que promova o seu compromiso co desenvolvemento da sociedade, baixo os principios éticos de solidariedade, igualdade de xénero e sustentabilidade.
- Colaborar no progreso da sociedade ofrecendo unha docencia de calidade adecuada ás demandas actuais da mesma en todos aqueles ámbitos nos que a química ten un papel significativo.

- Liderar unha investigación avanzada e de calidade e promover o desenvolvemento científico e tecnolóxico, potenciando actividades de investigación en todas as áreas da química, así como actividades de difusión da investigación realizada e da cultura tecnolóxica. Ademais, debe promover as relacións co sector empresarial, así como con outras institucións e centros de investigación.
- Aspirar a que en todas as súas actividades sexa recoñecida como un centro de referencia a nivel galego, nacional e internacional.
- Realizar unha xestión exemplar dos recursos, cun modelo de xestión do centro áxil, eficaz, transparente e coa participación responsable e a implicación de todos os membros da mesma.

No relativo á **visión** do centro, a Facultade de Química pretende afianzar o recoñecemento de:

- O alumnado e da comunidade universitaria, como un centro excelente pola súa oferta académica, pola calidade do seu profesorado, pola súa xestión, innovación e espírito de mellora e pola capacidade de formación de alumnos para que desenvolvan a súa actividade profesional tanto no sector produtivo, como no ámbito da docencia e investigación en centros nacionais e internacionais.
- A comunidade científica, pola calidade da súa produción científica e a especialización e competencia dos seus graduados e doutores, polos seus grupos de investigación, centros de investigación, departamentos e institutos relacionados.
- A sociedade, por ser un centro docente e investigador de prestixio, por difundir a cultura científica, pola colaboración coas empresas, institucións e organismos públicos e privados e polo seu compromiso co progreso, a sustentabilidade e o medio ambiente.

A Facultade de Química debe guiarse polos seguintes **valores**:

- Integridade, conduta ética e transparencia.

- A procura da liberdade de pensamento e expresión, o espírito crítico, a curiosidade, a iniciativa e a comunicación.
- Asegurar que se cumpran os obxectivos de todos os membros da nosa comunidade baseándonos no mérito, a igualdade e a capacidade.
- A procura da excelencia científica e o rigor académico individual e colectivo, a innovación e o emprendemento, con flexibilidade e adaptación aos cambios.
- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao seu desenvolvemento cultural, social e económico.

As liñas estratéxicas da Facultade de Química defínense en seis grandes áreas: (1) centrar a atención no estudantado, (2) comprometerse co persoal (3) Poñerse ao servizo da sociedade, (4) Situar o coñecemento da USC na vangarda, (5) Proxectar a USC polo mundo, e (6) Xestionar os recursos de forma intelixente.

A continuación enuméranse os **Obxectivos Estratéxicos (OE)** para cada liña estratéxica.

Liña estratéxica 1. Centrar a atención no estudantado

- OE1-01. Fomentar a dimensión integral na educación.
- OE1-02. Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado.
- OE1-03. Transformar o modelo de xestión da calidade.
- OE1-04. Conseguir un catálogo de titulacións atractivo.
- OE1-05. Mellorar a oferta de másteres do centro.
- OE1-06. Revisión e mellora continua do Plan de Estudos do Grao en Química.
- OE1-07. Impulsar os dobres Graos en Química – Bioloxía e Física e Química.
- OE1-08. Impulsar o Grao de Química en inglés.
- OE1-09. Aproveitar todos os recursos materiais e humanos do centro.
- OE1-10. Incrementar a relación co sector empresarial.
- OE1-11. Intensificar o compromiso de todos os membros do centro coa calidade.

Liña estratéxica 2. Comprometerse co persoal

- OE2-01. Desenvolver os programas de formación de persoal pertinentes.
- OE2-02. Mellorar as actividades de Innovación Educativa.

Liña estratéxica 3. Poñerse ao servizo da sociedade

- OE3-01. Avanzar na igualdade e na sustentabilidade
- OE3-02. Mellorar a comunicación e proxección exterior.
- OE3-03. Incrementar a relación co ensino medio.
- OE3-04. Mellorar o seguimento e contacto cos alumnos egresados.

Liña estratéxica 4. Situar o coñecemento da USC na vangarda

- OE4-01. Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado.
- OE4-02. Apoiar aos grupos de investigación que desenvolven o seu labor no centro.
- OE4-03. Difundir a actividade investigadora dentro e fóra da facultade.
- OE4-04. Potenciar os estudos de doutoramento.

Liña estratéxica 5. Proxectar a USC polo mundo

- OE5-01. Internacionalizar a oferta docente da USC.
- OE5-02. Potenciar a comunicación da USC cara o exterior.

Liña estratéxica 6. Xestionar os recursos de forma intelixente.

- OE6-01. Optimizar o uso das infraestruturas.
- OE6-02. Procurar unha maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos.
- OE6-03. Axilizar os procedementos de xestión e prestación de servizos.

Compromiso de calidade

A Facultade de Química é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos. A Facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese, e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo. Por todo iso, a Facultade de Química adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

- ❖ **Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- ❖ **Integración participación e igualdade:** esta Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- ❖ **Orientación ao alumnado:** este Centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.

- ❖ **Excelencia:** o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.
- ❖ **Transparencia:** Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal a Decana subscribe este documento de política de calidade o día 01 de outubro de 2021.

M. Pilar Bermejo Barrera

Decana da Facultade de Química

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR BERMEJO BARRERA, NIF 33222835W, 01/10/2021 13:51:59.

CSV: 98B5-58C5-49B3-95DF